



ANEXO III

Ref. convocatoria: 2022/CP/165

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: 101073932			
Título: Research, Intelligence and Technology for Heritage and Market Security (RITHMS)			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Dereito / Criminoloxía			
PERÍODO AXUDA:		INICIO: 1 de outubro de 2022	FIN: 30 de setembro de 2025
CENTRO Inv. Principal: Facultade de Dereito			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do proxecto de investigación RITHMS			
LUGAR E HORARIO: Facultade de Dereito. Luns a venres, de 15:00 a 19:00 horas			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☒		Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☐		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☐	Tempo Parcial: ☒	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 1 de decembro de 2022
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☐		Duración determinada ☒	
		DATA FIN CONTRATO: 30 de novembro de 2024	
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1205,58€ ao mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0508280132 541A 6490200			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Doutoramento en Dereito
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN: Profª. Patricia Faraldo Cabana (presidenta), Prof. Xulio Ferreiro Baamonde, Prof. José Ángel Brandariz; Profª. Luz M. Puente Aba (suplente), Profª. Ana Neira Pena (suplente)
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

A Coruña, 15 de setembro de 2022

A INVESTIGADORA PRINCIPAL

Asdo.: Patricia Faraldo Cabana

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	ZsAffNpur0NBACFVaR0KkQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Patricia Faraldo Cabana	Asinado	14/09/2022 20:56:08
Observacións	Coordinadora del GI	Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ZsAffNpur0NBACFVaR0KkQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O grupo de investigación ECRIM da Universidade da Coruña (ecrim.es) é socio do proxecto de investigación *Research, Intelligence and Technology for Heritage and Market Security (RITHMS)* (Grant No. 101073932). O proxecto recibiu unha subvención da Comisión Europea no marco do programa *Horizon Europe* (convocatoria HORIZON-CL3-2021-FCT-01-08). A duración do proxecto será de 36 meses (1 de outubro de 2022- 30 de setembro de 2025). O consorcio de investigación de RITHMS está formado por 18 socios de 11 países europeos, entre eles corpos policiais, axencias de control de fronteiras, escolas de policía, pequenas e medianas empresas e investigadores e investigadoras en ciencias sociais e TIC. O orzamento do ECRIM no marco do proxecto son 348.612,50 euros.

O proxecto RITHMS ten como obxectivo impulsar a capacidade operativa da policía e das autoridades aduaneiras e fronteirizas para facer fronte á natureza cada vez máis organizada e multiforme do tráfico de bens culturais mediante a investigación, a innovación tecnolóxica, a divulgación e a formación. O comercio ilícito de patrimonio cultural pasou de ser un fenómeno local limitado á iniciativa dun pequeno grupo de individuos a converterse nunha fonte de ingresos moi lucrativa para as redes criminais, que aproveitaron as oportunidades que ofrecen as TIC e as redes sociais para ampliar aínda máis un mercado xa en auxe. Neste contexto, RITHMS propón unha estratexia reproducible para facer fronte aos retos que crea o tráfico ilícito de bens culturais e para investigar os mecanismos que o sustentan, incluída a súa conexión coa delincuencia organizada. Deste xeito, RITHMS desenvolve unha investigación transversal na que se artellan os diversos eidos de estudo que se requiren para analizar e previr este tipo de actividades criminais (mercado do arte, criminoloxía, dereito, ciencia forense, etc.). As contribucións destas disciplinas conforman o marco teórico no que se basea unha plataforma interoperativa baseada na IA, capaz de identificar as redes de criminalidade organizada e de proporcionar ás axencias policiais unha valiosa información sobre as actividades e a evolución de ditas redes. Neste eido, o equipo de ECRIM céntrase esencialmente na investigación da dimensión criminolóxica do tráfico de bens culturais, así como nos retos xurídicos que crea a utilización das tecnoloxías de IA mencionadas.

De xeito específico, o/a investigador/a contratado/a levará a cabo tarefas de investigación, realizando investigación documental e de campo sobre os aspectos xurídicos e criminolóxicos do proxecto RITHMS. Neste sentido, elaborará informes, documentos de traballo e artigos académicos, presentará relatorios en conferencias internacionais e participará nas reunións do proxecto. Ademais, a persoa contratada manterase en contacto permanente cos diferentes actores de relevancia para a investigación, para garantir a súa participación constante no proxecto.

Duración

A duración do contrato será de 2 anos, ata o 30 de novembro de 2024.

Candidaturas

As e os solicitantes deben describir todas as súas cualificacións e méritos mencionados nesta convocatoria. As solicitudes deben estruturarse seguindo o esquema e os conceptos de avaliación que se presentan no cadro seguinte. Todas as cualificacións deben especificarse, facendo referencia ás tarefas realizadas en postos anteriores e á duración destes postos académicos.

Valoraranse especialmente os méritos relacionados cos campos académicos do proxecto, isto é, dereito penal, dereito procesual penal e criminoloxía, así como penoloxía.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	ZsAffNpur0NBACFVaR0KkQ==		
Asinado Por	Patricia Faraldo Cabana	Estado	Data e hora
Observacións	Coordinadora del GI	Asinado	14/09/2022 20:56:08
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ZsAffNpur0NBACFVaR0KkQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Criterios de avaliación

CONCEPTO		PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Experiencia de investigación en dereito e criminoloxía	Publicacións indexadas (Scopus + WoS)	0,8 puntos por publicación	30 puntos
	Outras publicacións internacionais	0,5 puntos por publicación	
	Presentacións en congresos internacionais	0,3 puntos por presentación	
	Estadías de investigación en universidades internacionais	0,2 puntos por mes	
Experiencia de investigación en proxectos de dereito e criminoloxía	Experiencia de investigación en proxectos de dereito e criminoloxía financiados pola UE	0,2 puntos por mes	25 puntos
	Experiencia de investigación en proxectos de dereito e criminoloxía estatais ou autonómicos	0,1 punto por mes	
Experiencia de xestión en proxectos de dereito e criminoloxía	Experiencia de xestión en proxectos de dereito e criminoloxía financiados pola UE	0,2 puntos por mes	15 puntos
	Experiencia de xestión en proxectos de dereito e criminoloxía estatais ou autonómicos	0,1 punto por mes	
Competencias lingüísticas	Experiencia de traballo en inglés en espazos académicos internacionais de dereito e criminoloxía. Levarase a cabo unha avaliación oral de dominio do inglés das e dos solicitantes con maior puntuación nos restantes apartados. Requisitos mínimos: Nivel medio-superior (B2) + experiencia como usuario independente de inglés en xuntanzas, seminarios e congresos académicos.		15 puntos
Entrevista	Levarase a cabo unha entrevista cos/as solicitantes con maior puntuación.		15 puntos

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	ZsAffNpur0NBACFVaR0KkQ==		
Asinado Por	Patricia Faraldo Cabana	Estado	14/09/2022 20:56:08
Observacións	Coordinadora del GI	Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ZsAffNpur0NBACFVaR0KkQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

